



ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

MUGARDOS

Aprobación inicial do proxecto de modificación e aprobación do texto consolidado da Ordenanza Fiscal n.º 13 reguladora da taxa pola prestación do servizo da Escola Infantil As Lagoas

Trámite: información pública.

Aprobado inicialmente polo Pleno en sesión ordinaria realizada con data 26 de outubro de 2022 o proxecto de modificación e aprobación do texto consolidado da OF n.º 13 reguladora da taxa pola prestación do servizo da Escola Infantil As Lagoas (artigos 5, 6, 7, 8 e disposición transitoria), de conformidade co indicado no artigo 133 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas e no artigo 17 do Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se presta aprobación ao texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, ábrese un prazo de información pública durante trinta días hábiles a computar dende o día seguinte ao da publicación do presente anuncio no BOP de A Coruña, prazo durante o cal as persoas interesadas poderán presentar cantas alegacións ou reclamacións estimen por oportunas.

Para tal efecto ponse a disposición na sede electrónica do concello o formulario “Participación na elaboración da Normativa” no seguinte enlace <https://mugardos.sedelectronica.gal/dossier.7>.

Formulario que estará igualmente disponible no Rexistro Xeral do concello.

Rematado o prazo as reclamacións e suxerencias, no seu caso presentadas, serán obxecto de estudo e emisión dos correspondentes informes técnicos e o expediente será novamente sometido a aprobación do Pleno con estimación ou desestimacións das alegacións ou reclamacións presentadas, fase á que seguirá a de publicación íntegra do texto da ordenanza no BOP de A Coruña e no Portal de Transparencia (artigo 49 de la Lei 7/1985, de 2 de abril, de Bases do Réxime Local), sen que entre en vigor ate que teña transcorrido o prazo de quince días hábiles aos que se refire o artigo 65.2º e 70.2º Lei 7/1985, de 2 de abril, de Bases do Réxime Local.

O anuncio permanecerá a disposición pública ate que remate do prazo de participación na páxina web do concello, Espazo de participación cidadá na elaboración normativa (<https://mugardos.gal/es/participacion-ciudadana-en-la-elaboracion-normativa/#1590311637624-a00e64b6-f3dd>)

Así mesmo e coa mesma data procederase á publicación no taboleiro de anuncios da sede electrónica do concello e no portal de transparencia no que estará disponible os certificado do acordo de e o informes técnicos municipais (<https://mugardos.sedelectronica.gal/transparency/d77c0a0a-0f27-49e1-9060-82c76ea5b882/>).

Mugardos, asinado en data 18 de novembro de 2022.

O Alcalde

Juan Domingo de Deus Fonticoba

2022/7265